



**ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS
DOUTOR FLEMING**

ANPA FLEMING
Rúa Ourense 15
36211 VIGO

Teléfono: 986 413441
Correo-e: anpafleming@yahoo.es

*Aprender a coñecer, aprender a
facer, aprender a vivir xuntos,
aprender a ser*

Tamén estamos na web:
[http://es.geocities.com/
anpafleming](http://es.geocities.com/anpafleming)

anual es necesario colaborar más activamente, para que todas esas actividades que se realizan a lo largo del curso (IMD, Visita de Papá Noel, Revista ESQUIO, Fiesta de fin de curso y otras de carácter menos lúdico) sean viables. Así que tenéis el verano para ir pensando, y los que dispongáis de un poco de tiempo libre, animaros a trabajar para vuestros hijos, ellos os lo agradecerán, seguro. Un saludo y hasta el curso que viene. Os esperamos.

ANIMATE, COLABORA CON LA ANPA

🦋 GRAN FESTA DE FIN CURSO 🦋 Venres 16, ⌚ 17:00 h.



O venres, 16 de xuño, celebraremos a festa de fin de curso do Colexio Fleming. Este ano os rapaces e rapazas vanse divertir dabondo pois temos contratado un gran espectáculo con inchables, fútbol humano, pallaso, talleres, música... Serán tres horas de intensa actividade nas que os cativos e grandes poderán esquecerse dos deberes académicos e comezar a sentir que as vacacións de verán están a unha semana vista. A Asociación agasalla aos nenos socios cunha sorpresa. Recolle o teu vale no noso local.

CAMPAMENTO URBANO: do 31 de xullo ao 11 de agosto. **IDADE:** 8 a 14 anos
HORARIO: 10:00 a 13:00 e de 17:00 a 20:00 h. **ACTIVIDADES:** Obradorios, xogos, deportes, música, teatro, saídas... **INSCRICIÓN:** Casa da Xuventude e A.X. Abertal



Agradecemento e petición de relevo

Un año más llegamos a fin de curso, y las madres y padres que componemos la directiva del ANPA, no queríamos dejar pasar la ocasión para agradeceros profundamente, la colaboración prestada por vuestra parte en las ocasiones que os hemos demandado, como fue la recogida de alimentos, ropa y juguetes. Nos ha sorprendido el éxito y la buena acogida que ha tenido. Todo lo que se recogió se hizo llegar al "Orfanato y Comedor" de las monjas de San Vicente Paul y a la Cruz Roja.

Asimismo, queremos aprovechar para pedirnos vuestra colaboración más **directa** y **urgente** para el nuevo curso, debido a la marcha de la mayoría de las madres y padres pertenecientes a la directiva. Algunos, porque sus hijos finalizan sus estudios en el centro y otros, porque tras tres y cuatro años desean "desconectar".

Para el funcionamiento del ANPA, aparte de la cuota

Volumen 2 nº 2

Xuño de 2006



ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DOUTOR FLEMING

Boletín Informativo ANPA Fleming

Os obxectivos da LOE

Dentro dos obxectivos da nova Lei de educación é preciso destacar algunhas importantes modificacións: a) apreciar, e non só coñecer, os valores e as normas de convivencia, preparar para o exercicio activo da cidadanía, b) desenvolver sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, c) adquirir habilidades para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico e d) coñecer comprender e respectar as diferentes culturas e a igualdade entre homes e mulleres.

Fermosas intencións que pagaba a pena poñer nos frontispicios de todos os colexios, e tamén, en tamaño ben grande, no salón das nosas casas. Sen dúbida detrás destes principios agóchase a intención de facer unha sociedade cada día máis tolerante e máis xusta e, tamén, adaptada as novas realidades sociais con amparo, nalgún caso, de cambios lexislativos.

Para que esta inxente tarefa teña éxito é imprescindible o apoio do goberno e da sociedade ás persoas que se encargan da educación dos nosos fillos e fillas e a participación activa das nais e dos pais. O goberno ten que dotar aos colexios de apoio material e humano, sobre todo ao ensino público, para que poidan realizar a súa tarefa sen eivas e carencias. A sociedade ten que recoñecer o papel que realizan os educadores outorgándolle o prestixio que merecen. As nais e pais temos que involucrarnos na educación dos nosos fillos, que sempre ten que ser continuación da que reciben na propia casa. A educación é un labor colosal e colectivo do que non se pode separar ninguén. Esta alianza de interese é fundamental para poder contrarrestar os valores que, en paralelo e cínicamente, fomentan as TV, os videoxogos, as películas, algúns políticos no parlamento... Como o camiño de mil millas comeza co primeiro paso, un bo lugar para participar nesta marcha continua son as ANPAS, un lugar concreto no que as nais e pais podemos implicarnos para empurrar cara ao gran obxectivo global.

CONTIDO:

Actividades escolares e usos das instalacións.	2
Aos que rematan no Fleming e van ao instituto.	3
Agradecemento e petición de relevo.	4
A gran festa de fin de curso.	4

Actividades escolares e uso das instalacións.

As actividades extraescolares son aquelas actividades que se realizan fora do horario escolar, e que serven como complemento da formación dos nenos. No C.E.P. Doutor Fleming, o ter horario continuado, realízanse tales actividades en horario de tarde, incluíndo nalgúns caso os sábados ou fins de semana.

No Fleming hai dous grupos de actividades extraescolares, as que organiza e coordina a ANPA, e as que organiza ou coordina directamente a administración do colexio. É simplemente unha cuestión de capacidade organizativa a que fai este reparto. Así a ANPA encárgase das actividades deportivas que se realizan a traveso dos organismos dependentes do concello de Vigo, particularmente o Instituto Municipal de Deportes - IMD, e a piscina municipal de Travesas. Pola contra, a administración do colexio encárgase de facer unha selección e seguimento de actividades que entidades privadas propoñen ó colexio. En ambos casos o consello escolar é quen aproba a proposta do plan de actividades extraescolares, xeralmente no mes de xuño do curso anterior a realizarse.

As diferencias non son moitas entre ambas opcións. As actividades do IMD ou a piscina municipal contan coa garantía dunha institución pública. As outras teñen o respaldo da persoa ou empresa que a organice. Na primeira opción aproveitase ademais dunha subvención para a actividade parcial, ou incluso total se é familia sen recursos, que concede o concello de Vigo, o que fai seu custe moi accesible para todas as economías. En tódolos casos, o colexio cede súas instalacións sen custe para a realización de actividades.

Na derradeira semana do mes de maio, vanse facer presentacións dos traballos desenvolvidos en varias destas actividades, para que todos os pais poidan velos.

Pega a pena contar que esta última opción é tamén accesible para os pais de alumnos do centro, que queiran utilizar as instalacións fora dos horarios lectivos. Soamente é cuestión de xuntarse e presentar a solicitude á dirección do centro, quen a estudiará e dará traslado no seu caso ó consello escolar. De feito xa hai pais que utilizan as instalacións para facer deporte na noite.

E así, o Doutor Fleming non queda durmido cando se apagan as voces dos nenos, os bens públicos son máis e mellor aproveitados, e o Fleming pasa a ser un pouco máis de toda a sociedade.

ENSINO EN GALEGO

Educación remite unha circular aos centros sostidos con fondos públicos para que podan solicitar o ensino en galego na etapa infantil. Os centros solicitantes deben contar co compromiso do profesorado, a autorización dos pais, o acordo do claustro e a aprobación do Consello Escolar.



Aos que rematan no Fleming e van ao instituto

Cando estea a punto de comezar o próximo curso é probable -ocorre cada mes de setembro- que atopemos nos periódicos locais algunha reportaxe dándonos cumprida información sobre a vixilancia policial contra a droga nos institutos, o acoso escolar, a conflictividade nas aulas, e todas esas cousas que nos meten o medo no corpo, agora que os nenos de algúns de nós remataron no Fleming e van para alí. Seguramente, nada se dirá dos alumnos que son bos rapaces e respectan aos seus compañeiros e profesores, que acoden puntualmente ás súas clases, estudian, fan os deberes; moitos sacan boas notas, rematan de xeito brillante os seis anos do instituto, acadan uns notables resultados na Selectividade e inician unha carreira universitaria. Algúns deles, incluso, obteñen premios extraordinarios de bacharelato, ou son os mellores en concursos de matemáticas ou de física. Pero todo isto parece pasar desapercibido porque as cousas boas nunca se contan tanto como as malas, que son máis espectaculares e dan máis que falar.

Ninguén nega que haxa ás veces algún problema deses que menciona a prensa nos institutos, pero igual ocorre nos colexios privados, a pesar de que se aireen menos e de que por iso moitos pais procuren levar alí aos seus fillos para “evitar os perigos”, como eles mesmos din e cren.

Se algún colexio me aforrase os desgustos que me pode dar o meu fillo nos próximos anos, eu tamén lle reservaría alí a matrícula. Pero ese colexio non existe, porque o problema é que o meu fillo vai ser pronto un adolescente e ninguén me vai librar de pasar algúns sobresaltos e de ter conflitos propios desa idade. Claro que o que vende droga se acerca aos colexios onde están os rapaces de 14 ou 18 anos, non van buscar aos xubilados na



praza ou esperarnos a nós á saída do súper; do mesmo xeito que as actitudes *chulescas*, os insultos e todo iso que agora se chama acoso escolar son cousas propias da xente nova, que nós tamén vimos algo diso cando tiñamos 12 anos.

Certamente, os dous anos que se adiantou o comezo do instituto producen a sensación de que os nosos fillos son aínda moi nenos cando empezan. Pero estes rapaces pequenos son os que están máis coidados polos seus profesores, que víxian o seu traballo e o seu comportamento, ou chaman á casa se algún non acode ao instituto e controlan as saídas rigorosamente; moito máis ca na nosa época de alumnos. Os pais podemos entrevistarnos semanalmente co titor, igual ca no colexio. ¿Por qué se vai falar menos cos profesores do fillo cando este está no instituto? Aos 13 ou 15 anos adoita haber máis problemas que cando o neno ten 8 ou 10, e pasan máis desapercibidos porque eles non nolo van contar como cando son pequenos. Pero, aínda que se empeñen en mostrar o contrario- os adolescentes precisan que esteamos moi pendentes das súas cousas.